



BOP

MÉRCORES, 26 DE DECEMBRO DE 2018 N.º 294

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 23 de novembro de 2018 da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica "LMT 30 kV evacuación PE de Cadeira" nos concellos de Riotorto, Lourenzá, Mondoñedo e A Pastoriza. (Expediente IN408A/2017/36)

Con data 28 de setembro de 2018, a Dirección Xeral de Enerxía e Minas ditou resolución, pola que se outorgan á empresa Norvento Eólica, S.L.U. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada LMT 30 kV evacuación PE Cadeira, nos concellos de Riotorto, Lourenzá, Mondoñedo e A Pastoriza.

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo á presente resolución e que se expón tamén no taboleiro de anuncios dos concellos de Riotorto, Lourenzá e Mondoñedo deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 19 de xullo de 2018 e no Diario Oficial de Galicia do 20 de xullo de 2018, para que comparezan o día 17, 18 e 21 de xaneiro de 2019 nos concellos sinalados como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios dos concellos de Riotorto, Lourenzá e Mondoñedo estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirllle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 23 de novembro de 2018.- A xefa territorial, P.A.(Decreto 135/2017, do 28 de decembro), Patricia Dans Grela, Xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica

ANEXO : RBDA DE NECESARIA EXPROPIACIÓN ACTUALIZADA Ó LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DAS PARCELAS DA L.M.T 30KV EVACUACIÓN P.E CADEIRA (TERMOS MUNICIPAIS DE LOURENZÁ, RIORTORTO E MONDOÑEDO)

Nº	Propietario Apelidos e nome	Parcela							L.M.T. Afeccións (m2)					
		Datos catastrais				Paraxe	Cultivo	Part.	Servidume de voo		Apoios / Centro De Interconexión		Acceso apoio	
		Concello	Zona	Pol.	Parc.				Metros Lineais (m.l.)	Metros Cadrados (m2)	Número	Ocupación (m2)	Número	Ocupación (m2)
Concello de Riotorto														
3	Ramallal Alvite, Patricio	Riotorto	1	1	7	Lombo	Eucaliptus	1	114	1.680				
4	Saavedra Currás, Eladio	Riotorto	1	1	8	Lombo	Eucaliptus	1	293	3.564	3,4	47	3,4	1.592
5	Saavedra Currás, Eladio	Riotorto	1	1	9	Lombo	Eucaliptus	1	82	1.021				
6	Comendeiro Ramallal, María Remedios	Riotorto	1	1	181	Lamaros	Eucaliptus	1	141	2.192	5	9		
7	Comendeiro Ramallal, María Remedios	Riotorto	1	1	180	Lamaros	Eucaliptus	1	0	127			5	509
8	Ramallal Freire, Enrique	Riotorto	1	1	187	Candaide	Eucaliptus	1	80	1.970				
9	Martínez González, Antonio Eugenio	Riotorto	1	1	178	Lamaros	Eucaliptus	1	11	428				
10	Rodríguez Lombardero, Inocencio	Riotorto	1	1	190	Candaide	Eucaliptus	1	0	168				
11	Rodríguez Lombardero, Inocencio	Riotorto	1	1	191	Candaide	Eucaliptus	1	24	612				
12	Rodríguez Lombardero, Inocencio	Riotorto	1	1	192	Candaide	Eucaliptus	1	24	441				
13	Iglesias Rodríguez, Herederos De Jose Lino	Riotorto	1	1	193	Candaide	Eucaliptus	1	38	761				
14	Bouso Currás, Argimira	Riotorto	1	1	194	Candaide	Eucaliptus	1	47	627	6	40	6	98
15	Gavín Ramallal, José Luis	Riotorto	1	1	195	Candaide	Eucaliptus	1					6	206
15a	Currás Ramallal, Alicia	Riotorto	1	1	196	Candaide	Eucaliptus	1					6	109
15b	Rodríguez Lombardero, Inocencio	Riotorto	1	1	197	Candaide	Eucaliptus	1					6	281
15c	Gavín Carreira, Herederos De Daniel	Riotorto	1	1	198	Candaide	Prado	1					6	15
69	Fiallega Pillado, José	Riotorto	4	2	140	Petelo	Prado	1	51	462	18	184		
Centro de Interconexión														
1	Desconocido (ilmo. Sr. Fiscal de la	Riotorto	1	1	3011	Boitirado	Matogueira					50		

ANEXO : RBDA DE NECESARIA EXPROPIACIÓN ACTUALIZADA Ó LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DAS PARCELAS DA L.M.T 30KV EVACUACIÓN P.E CADEIRA (TERMOS MUNICIPAIS DE LOURENZÁ, RIOTORTO E MONDOÑEDO)

Nº	Propietario Apelidos e nome	Parcela							L.M.T. Afeccións (m2)					
		Datos catastrais				Paraxe	Cultivo	Part.	Servidume de voo		Apoios / Centro De Interconexión		Acceso apoio	
		Concello	Zona	Pol.	Parc.				Metros Lineais (m.l.)	Metros Cadrados (m2)	Número	Ocupación (m2)	Número	Ocupación (m2)
	Audiencia Provincial)													
Concello de Lourenzá														
17	González Iglesias, Margarita Y Otros	Lourenzá		26	920	Reventon	Eucaliptus	1	19	1.015				
18	Valiña Ferreira, Abel	Lourenzá		26	921	Reventon	Eucaliptus	1	177	4.016				
21	Fernández Lombardero (ana Sánchez), Herederos de Avelino	Lourenzá		26	942	Reventon	Eucaliptus	1	0	81				
22	González López, Manuel	Lourenzá		26	941	Regocabado	Eucaliptus	1	15	1.011				
23	González López, Manuel	Lourenzá		26	940	Regocabado	Eucaliptus	1	40	1.172				
23a	González López, Manuel	Lourenzá		26	939	Regocabado	Eucaliptus	1	0	120				
24a	Bouso Lombardero, Amandina			26	950	Regocabado	Eucaliptus	1	0	19				
25	Ramona Amieiro López	Lourenzá		26	952	Regocabado	Eucaliptus	1	0	822				
26	Mariña González, Ángel	Lourenzá		26	976	Regocabado	Eucaliptus	1	62	2.594				
26a	Perez Amiero, Alberto	Lourenzá		26	977	Regocabado	Eucaliptus	1	0	56				
27	Rivas Ron, Dolores	Lourenzá		26	975	Regocabado	Eucaliptus	1	64	2.066				
28	López Acebo, Julia	Lourenzá		26	974	Regocabado	Eucaliptus	1	0	642				
29	Fernández Vidal, José Ramón	Lourenzá		26	981	Regocabado	Eucaliptus	1/2	0	160				
	1/2													
30	Alonso Fernández, Félix	Lourenzá		26	980	Regocabado	Eucaliptus	1	33	781				
32	Sánchez Varela, Eladio	Lourenzá		26	978	Regocabado	Eucaliptus	1	12	420				
33	Cortón Lombardero, Valentín	Lourenzá		27	646	Regocabado	Eucaliptus	1	44	792				
33a	Neira Blanco, Josefa	Lourenzá		27	648	Regocabado	Eucaliptus	1	0	7				
34	Sánchez	Lourenzá		27	645	Regocabado	Eucaliptus	1	79	1.077	7	40	7	258

ANEXO : RBDA DE NECESARIA EXPROPIACIÓN ACTUALIZADA Ó LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DAS PARCELAS DA L.M.T 30KV EVACUACIÓN P.E CADEIRA (TERMOS MUNICIPAIS DE LOURENZÁ, RIOTORTO E MONDOÑEDO)

Nº	Propietario Apelidos e nome	Parcela							L.M.T. Afeccións (m2)					
		Datos catastrais				Paraxe	Cultivo	Part.	Servidume de voo		Apoios / Centro De Interconexión		Acceso apoio	
		Concello	Zona	Pol.	Parc.				Metros Lineais (m.l.)	Metros Cadrados (m2)	Número	Ocupación (m2)	Número	Ocupación (m2)
	Varela, Eladio													
35	Yáñez Folgueira, Mercedes	Lourenzá		27	693	Regocabado	Eucaliptus	1	31	477				
36	Vilar Álvarez, María Hilda	Lourenzá		27	692	Regocabado	Eucaliptus	1	38	562				
37	López Andía, Manuel	Lourenzá		27	695	Lagoa	Eucaliptus	1	29	350				
39	Gutiérrez Díaz, María Hilda	Lourenzá		27	503	Lagoa	Eucaliptus	1	28	416				
40	Fernández Lombardero, María Angelica	Lourenzá		27	502	Lagoa	Eucaliptus	1	66	1.197				
42	Sánchez Díaz, Jorge	Lourenzá		27	509	Acibreiros	Eucaliptus	1	0	413			9	582
42a	Fernández Lombardero, José María	Lourenzá		27	510	Acibreiros	Eucaliptus	1					9	123
42b	Neira Blanco, Josefa	Lourenzá		27	511	Acibreiros	Eucaliptus	1					9, 10, 11	758
42c	Bouso Lombardero, Amandina	Lourenzá		27	452	Acibreiros	Eucaliptus	1					10, 11	132
42d	Souto Espiñera, José Luis	Lourenzá		27	590	Coba	Eucaliptus	1					10, 11	326
42e	Souto Espiñera, José Luis	Lourenzá		27	591	Coba	Eucaliptus	1					10, 11	177
42f	Souto Espiñera, José Luis	Lourenzá		27	592	Coba	Eucaliptus	1					10, 11	130
42g	Souto Espiñera, José Luis	Lourenzá		27	593	Coba	Eucaliptus	1					10, 11	175
42h	Souto Espiñera, José Luis	Lourenzá		27	594	Coba	Eucaliptus	1					10, 11	286
43	Ferreiro González, José	Lourenzá		27	508	Acibreiros	Eucaliptus	1	171	1.809	9	37	9	5
44	Varela Fernández, Ofelia	Lourenzá		27	507	Acibreiros	Eucaliptus	1	0	88				
45	Souto Espiñera, José Luis	Lourenzá		27	589	Pena Do Porco	Eucaliptus	1	312	4.402	10,11	88,00	10, 11	2.829
47	Gavin Loureiro, María Dolores	Lourenzá		27	719	Granda	Matogueira	1	16	265				
48	Rivas Barreira, Adelina	Lourenzá		27	720	Granda	Matogueira	1	80	926	12	40,00		

ANEXO : RBDA DE NECESARIA EXPROPIACIÓN ACTUALIZADA Ó LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DAS PARCELAS DA L.M.T 30KV EVACUACIÓN P.E CADEIRA (TERMOS MUNICIPAIS DE LOURENZÁ, RIOTORTO E MONDOÑEDO)

Nº	Propietario Apelidos e nome	Parcela							L.M.T. Afeccións (m2)						
		Datos catastrais				Paraxe	Cultivo	Part.	Servidume de voo		Apoios / Centro De Interconexión		Acceso apoio		
		Concello	Zona	Pol.	Parc.				Metros Lineais (m.l.)	Metros Cadrados (m2)	Número	Ocupación (m2)	Número	Ocupación (m2)	
49	Herederos De Pérez Rascado, Sergio	Lourenzá		27	721	Granda	Matogueira	1/2	94	1.266					
	García García, Francisco							1/4							
	Valiña Andía, Albina							1/4							
49a	Sanchez Coldeira, Herederos De Jesús	Lourenzá		27	722	Granda	Matogueira	1	0	56					
50	Cruña Comendeiro, Lisardo	Lourenzá		27	747	Puntelas	Matogueira	1	0	162					
51	Cruña Piñeiro, Elías	Lourenzá		27	746	Puntelas	Matogueira	1	84	1.722					
52a	Piñeiro Iglesias, Bernardo	Lourenzá		27	744	Puntelas	Matogueira	1	54	669					
52b	Balseiro Varela, Ángeles	Lourenzá		27	743	Puntelas	Matogueira	1	0	70					
53	Centeno Valiña, Manuel	Lourenzá		27	775	Carrizal	Eucaliptus	1	0	386					
54	López Castedo, Antonio	Lourenzá		27	774	Carrizal	Eucaliptus	1	69	2.045					
55	Balseiro Varela, Ángeles	Lourenzá		27	773	Carrizal	Eucaliptus	1	65	1.838					
55a	Barreira Bouso, Perfecta Aurora	Lourenzá		27	772	Carrizal	Eucaliptus	1	0	396					
57	Gómez García, Severina	Lourenzá		27	781	Carrizal	Eucaliptus	1	19	419					
58	Balseiro Carballeira, Dorinda	Lourenzá		27	782	Carrizal	Eucaliptus	1	20	496					
Concello de Mondoñedo															
60	Masa Común (concello De Mondoñedo)	Mondoñedo	3	501	34	Pontellas	Matogueira	1	0	144					
61	Muiño Moirón, José Antonio	Mondoñedo	3	501	35	Pontellas	Eucaliptus	1	144	2.275	14	57			

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (DOUS PEÓN DE OBRAS E SERVICIOS, UN OPERARIO DE MAQUINARIA E CONDUCTOR DE VEHICULOS E UN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A) AO ABEIRO DO “PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO ,2018” NO CONCELLO DE BALEIRA, LUGO.

1.-OBXECTO

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a convocatoria e regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso-oposición de DOUS PEÓN DE OBRAS E SERVICIOS, UN OPERARIO DE MAQUINARIA E CONDUCTOR DE VEHICULOS E UN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A a xornada completa en réxime de persoal laboral temporal para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do “Programa de Fomento do Emprego”, financiado con cargo ó Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 ,da Deputación Provincial de Lugo.

O Programa de Fomento do Emprego está destinado á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, de conformidade coa normativa aplicable, sempre que se cumpran cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do Plan Único Provincial de Cooperación cos concellos 2018, publicado no BOP Núm. 51 do 3 de marzo de 2018.

O Concello de Baleira destina a cantidade de 62.064,70 euros para o financiamento dos custes salariais totais dos traballadores que se contraten, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por tódolos conceptos e a indemnización por fin de contrato.

Considérase que as tarefas a realizar polos traballadores/as a contratar se encadran dentro das competencias máis esenciais que segundo normativa vixente lle corresponden a este Concello, considerándose de carácter urxente e inaprazable, e que polos escasos medios materiais e persoais deste concello non sería posible prestar sen a contratación do mencionado persoal.

Os salarios serán os establecidos no Convenio de Edificación e Obras Públicas de Lugo (PEÓN ORDINARIO E PEÓN ESPECIAL ESPECIALISTA 2ª) e no Convenio de Oficinas e Despachos da Provincia Lugo .

1.2. Normas de aplicación: O procedemento selectivo regularase polo previsto nas presentes bases e no non previsto nelas, polo establecido no RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia; na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección dos/as aspirantes será o de concurso-oposición.

1.4. A presente convocatoria e as bases publicaranse no taboleiro de anuncios do concello de Baleira, na sede electrónica do concello (www.concellobaleira.sedelectronica.gal) e da Excm. Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.org) e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os sucesivos anuncios relacionados co procedemento publicaranse no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do concello www.concellobaleira.sedelectronica.gal.

2. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO .O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será de duración determinada e a xornada completa na modalidade de obra ou servizo determinado (peóns e operario conductor), segundo o previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro ,ou contrato eventual por circunstancias da produción(auxiliar administrativo/a) . A duración aproximada dos contratos será de oito meses para os/as peóns de obras e servizos, nove meses para o/a operario de maquinaria e conductor de vehículos e de seis meses para o/a auxiliar administrativo, tendo en conta que o prazo límite para o remate dos devanditos contratos é o 30 de setembro de 2019.

3. FUNCÍONS.-As tarefas a desenvolver polos/as traballadores/as contratados/as serán as propias dos seus postos de traballo referidas a actuacións urxentes e inaprazables que contribúan a mellorar a prestación dos servizos básicos do concello.

PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS:

Limpeza das rúas, mantemento das áreas recreativas e viario, e apoio noutras tarefas de competencia municipal que se correspondan con necesidades urxentes e inaprazables e propias do posto de peón.

Traballos a realizar:

.-Limpeza das áreas recreativas de O Cádavo, A Cortevella, A Braña, área de nacemento do río Eo e área da Fontaneira (nacemento do Río Neira).

- Limpeza exterior, desbroce e outros traballos de mantemento dos edificios de titularidade municipal correspondientes ós antigos colexios de Millares, Retizós, A Lastra, e Córneas.

- Limpeza de cunetas de formigón en Vilaselle, Eirexe (Pousada) e Barcias.

-Roza e limpeza de maleza no Sendeiro que vai dende Cortevella, Cabreira, Esgrade, Sampaio, Mendreiras e ata a Braña.

-Reposición de tubería de agua ó núcleo de Cimadevila.

-Arranxo de fendas e limpeza interior e/ou exterior dos depósitos municipais de Cortevella, Vilagarcía de Córneas, Escanalar, Antiguallas,Cádavo

-Limpeza e barrido de beirarrúas e rúas en O Cádavo.

-Limpeza interior e exterior de fosas sépticas de O Cádavo.

- Calquera outro traballo considerado urxente e inaprazable, no ámbito das competencias municipais obrigatorias, propios do posto de peón de obras e servizos.

OPERARIO DE MAQUINARIA E CONDUCTOR DE VEHÍCULOS DO CONCELLO:

-Manexo da maquinaria e vehículos dos que dispón o concello como camiños, desbrozadoras, retroexcavadora , tractor, motoniveladora , para a realización dos anteditos traballos.

- Limpeza de camiños en San Bernabé con pala mixta.

- Limpeza de camiños en Murias , Vilanova de Córneas, Quintá , Queirogal, Anduriña pasando por Vilamarín de Cubilledo ata Fontaneira.

- Limpeza e rasanteo de camiño municipal de O Sexto a Xestoso , Pandelo e Pasada.

- Limpeza de camiño de Vilar de Adrios a Pandelo.

- Calquera outro traballo considerado urxente e inaprazable, no ámbito das competencias municipais obrigatorias, propios do posto de operario de maquinaria e conductor de vehículos do concello.

AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A:

Labouras de apoio ó persoal funcionario do concello, a modo orientativo :

-Atención ao público, telefónica e persoal

-Elaboración e mecanografiado de escritos diversos, correspondencia e resto de documentos.

- Manexo dos programas informáticos necesarios para a súa actividade (gravación de datos, obtención de listaxes, etc.).

- Xestión de correspondencia (recepción, distribución e arquivo).

-Tarefas sinxelas e programadas ou estandarizadas da xestión administrativa

-Fotocopiado de documentos e tarefas administrativas diversas propias do posto convocado.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES. Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do TREBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán

participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Para o posto de Auxiliar administrativo título de graduado Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), graduado escolar ou bacharel elemental. No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

Para os postos de peón de obras e servizos e operario de maquinaria e conductor de vehículos non se requiren titulacións específicas. Para o posto de operario de maquinaria e conductor de vehículos estar en posesión do permiso de conducir tipo C ou superior.

f) Para o caso da/o auxiliar administrativo/a incluírase un exame de galego, agás para aqueles/as aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente, mediante a presentación do certificado Celga 3, Iniciación á lingua galega ou equivalente, como mínimo (requisito que deberá acreditar coa presentación da copia compulsada do mesmo). A cualificación do exame será de apto/a ou non apto/a e terá carácter eliminatorio sendo necesaria a obtención da cualificación de apto/a para acceder ó posto de traballo.

g) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

h) Ter a condición de persoa desempregada.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

5. SOLICITUDES 5.1. As solicitudes para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ó modelo que figura como Anexo II ás presentes Bases e dirixíranse ao Sr. Alcalde do concello de Baleira no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día hábil seguinte. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residente vixentes.

b) Declaración responsable, asinado polo ou pola aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade ou incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado /a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo ou pola aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

c) Para o posto de auxiliar administrativo/a acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, o/a aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.

d) Documentos xustificativos dos méritos que as ou os aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso segundo o establecido na base 8ª. Aos efectos de acreditar a pertenza a algún dos colectivos con dificultades de integración laboral se presentará:

- Certificación, de ser o caso, acreditativa do grao de discapacidade.

- De ser o caso, as persoas que aleguen ser vítima de violencia de xénero: 1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada pola/o secretaria/o xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar. 2. Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare que a muller sufriu violencia de xénero. 3. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia 4. Informe

dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local no que se recolla dita condición . 5. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local en que se recolla dita condición 6. Informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social 7. Calquera outras dispostas regulamentariamente.

A efectos destas bases, enténdese por mulleres en situación de violencia de xénero todas aquelas que cesasen a relación de convivencia co agresor e acrediten a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

As instancias poderanse remitir por calquera das formas determinadas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Deberanse acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados. A non acreditación dos méritos alegados determinará que estes non sexan tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

6.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 3 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, e na sede electrónica www.concellobaleira.sedelectronica.gal sinalándose un prazo de tres (3) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Rematado o prazo de subsanación, ditarase resolución nun prazo de 3 días hábiles elevando a definitiva a lista de admitidos e excluídos .

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados.

No caso de que fosen admitidos tódolos aspirantes presentados, poderá ditarse directamente a lista definitiva de admitidos, sen prexuízo de que contra a mesma se poderá interpoñer os recursos procedentes en dereito.

Na publicación indícarase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes. Contra a resolución definitiva se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poideran derivar da súa participación no procedemento. Os datos persoais (nome, apelidos, dirección aos efectos de notificacións) dos candidatos que participen no procedemento selectivo, serán utilizados unicamente para o fin do presente procedemento selectivo, e co fin de dar cumprimento ao principio de publicidade esixido na vixente lexislación.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR OU COMISIÓN DE VALORACIÓN. O tribunal estará constituído por funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

O Tribunal será nomeado mediante Resolución de Alcaldía que se publicará xunto coa relación provisional ou, de-sé lo caso, definitiva no caso de que tódalas solicitudes fosen admitidas.

O tribunal terá a seguinte composición:

Presidente/a: Un funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

Secretario/a: a da Corporación ou persoa que faga as súas veces.

Vogais: Tres funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada.

. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presente bases, conforme o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos

que legalmente os substitúan. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, levantando de cada sesión acta, que se autorizará, coa sinatura do secretario/a e co visto e prace do Presidente/a do tribunal. O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal. O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección será o de concurso-oposición, realizándose en primeiro lugar a fase de oposición e posteriormente a de concurso. Tan só se valorarán os méritos dos/as aspirantes que superen a fase de oposición. A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, dos aspirantes que a superen, e na fase de concurso.

8.1. FASE: OPOSICION (DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO) (máximo 10 puntos). Os aspirantes serán convocados en chamamento único. A non presentación comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar no exercicio do que se trate, xa que logo, quedara excluído do proceso selectivo.

Esta parte consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test de 20 preguntas con tres respostas alternativas nun tempo máximo de trinta minutos baseadas no contido do programa da convocatoria relacionado no ANEXO I. Só unha das respostas será a correcta, e cada unha acertada puntuarase con 0,50 puntos. Puntuarase cun máximo de 10 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 5,00 puntos.

O lugar, data e hora da proba publicarase no taboleiro de edictos do concello e na sede electrónica do concello www.concellobaleira.sedelectronica.gal xunto coa composición do tribunal. Polos mesmos medios publicarase o lugar, data e hora do exame de galego.

8.2.- Proba de galego: Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal. Esta proba é obrigatoria e eliminatória e cualificarase de apto ou non apto. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego Celga 3 ou superior.

8.3 FASE: CONCURSO DE MÉRITOS (NON ELIMINATORIO): A puntuación máxima total do concurso establécese 6,5 puntos e será o resultado de sumar os méritos que se enumeran nos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un deles.

Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias. O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia de solicitude, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para enmendadas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela. O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme ao seguinte baremo:

a) Experiencia profesional. Máximo 4,50 puntos. -

Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,10 puntos . -

Por ter prestados servizos en empresas privadas en postos de traballo iguais aos que se convocan, cada mes completo 0,05 puntos .

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes prorrátearanse proporcionalmente e consideraranse os meses de 30 días naturais. A puntuación reducirase proporcionalmente nos prestados a tempo parcial. Para acreditar os méritos sinalados neste apartado haberá de achegarse copia compulsada dos contratos de traballo (ou certificado de servizos no caso de que se prestaran na Administración Pública no que quede acreditado de forma clara e expresa a ocupación e período traballado) e do informe de vida laboral actualizado proporcionado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Os servizos prestados que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto de traballo obxecto da presente convocatoria non serán puntuados.

b) Formación profesional: Máximo 0,75 puntos.

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado, acreditados con certificación ou diploma, coa seguinte puntuación:

.Ata 20 horas de duración :0,10 puntos.

. De 21 ou máis horas de duración: 0,20 puntos.

c) Colectivos con dificultades de integración laboral. Máximo 1,25 puntos. Se primará favorecer aos colectivos con dificultades de integración laboral tales como:

-mulleres: 0,25 puntos.

-maiores de 45 anos (incluídos os de 45 anos): 0,25 puntos.

-parados de longa duración: 0,25 puntos. Considérase parado de longa duración estar inscrito ininterrompidamente na oficina de emprego como demandante de emprego durante 12 ou máis meses.

-persoas con discapacidade: 0,25 puntos.

-persoas vítimas de violencia de xénero: 0,25 puntos.

9. RELACIÓN DE APROBADOS. O Tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica www.concellobaleira.sedelectronica.gal a puntuación total do proceso selectivo. En caso de empate nas puntuacións resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no exercicio da oposición e, de persistir o empate, pola puntuación obtida no apartado de experiencia profesional. Se aínda así persistise, segundo puntuación obtida no apartado de colectivos desfavorecidos. Finalmente de persistir resolverase por sorteo público.

Finalizado o proceso de selección elevarase ao órgano competente proposta dos candidatos para a formalización dos correspondentes contratos laborais. O tribunal non poderá declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos que se convocan. Non obstante o anterior, e co fin de asegurar a cobertura dos mesmos cando se produzan renuncias, baixas ou substitucións dos aspirantes seleccionados ou calquera outra circunstancia, o tribunal elaborará unha lista de agarda dos/as aspirantes que habendo superado todas as probas sigan aos propostos, por orde de puntuación, para a súa posible contratación.

10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS. Os/as candidatos/as propostos para seren contratados deberán achegar no prazo máximo de tres (3) días hábiles, a seguinte documentación, agás que xa a presentaran anteriormente xunto coa instancia de participación:

1) Certificación ou informe médico actualizado na que se faga constar expresamente que a/o aspirante reúne a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. O certificado non poderá ter unha antigüidade superior ós tres meses.

2) Se foi seleccionado para o posto de operario de maquinaria e condutor de vehículos copia compulsada do carne de conducir C en vigor ou superior.

3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.

4) Documentación acreditativa de ter a condición de desempregado/a.

5) Para o caso do/a posto de auxiliar administrativo documentación acreditativa da titulación esixida A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 4ª, non poderán ser contratados sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación. Neste caso se procederá a notificar ao candidato que obtivese a seguinte maior puntuación para que aporte a referida documentación, procedéndose do mesmo xeito que no suposto anterior.

11. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABALLO. Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o Sr. Alcalde resolverá o proceso e se formalizarán os correspondentes contratos de traballo de duración determinada e a xornada completa. Tendo en conta o disposto nas bases reguladoras do Plan Único Provincial de Cooperación cos Concellos 2018, que financia o programa, o prazo de remate dos contratos terá como data límite o 30 de setembro do 2018.

12.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproba a convocatoria e as presentes bases, definitiva en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación ou ben interpor recurso contencioso administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estimen procedente.

13.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Baleira á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO I.-TEMARIO

O temario é o seguinte para cada un dos postos:

POSTOS DE PEÓNS:

Tema 1.- Concello de Baleira : Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e provincial.

Tema 2.- Materiais e ferramentas empregadas na construción.

Tema 3.- Nocións básicas sobre traballos de limpeza e mantemento de vías públicas.

Tema 4.- Prevención de riscos laborais. Nocións básicas para o desenvolvemento das tarefas propias de peón.

POSTO DE OPERARIO DE MAQUINARIA-CONDUCTOR DE VEHÍCULOS DO CONCELLO:

Tema 1.- Concello de Baleira : Encadre territorial, poboación, parroquias e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e provincial.

Tema 2.- -Conducción en condicións climáticas adversas.

Tema 3.- Nocións básicas sobre traballos de limpeza e mantemento de vías públicas.

Tema 4.- Prevención de riscos laborais. Nocións básicas para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de operario de maquinaria -conductor de vehículos do concello.

POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A

Tema 1.- A Constitución Española.

Tema 2.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O Procedemento Administrativo, o acto Administrativo.

Revisión dos actos administrativos. Os Recursos Administrativos.

Tema 3.- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local. Réxime e organización dos municipios.

Tema 4.- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Recursos dos municipios.

Tema 5.- Concello de Baleira: Encadre Territorial, poboación, parroquias e aldeas....

ANEXO I I a).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN, CONVOCADO POLO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO) PARA A PROVISIÓN DE DOUS POSTOS DE TRABALLO DE **PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS** POR UN PERÍODO APROXIMADO DE OITO MESES MESES, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO , FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN DE LUGO Ó ABEIRO DO PLAN UNICO PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS 2018.

D/a.....provisto/a de
D.N.Inº.....con enderezo na R/nº.....piso.....
.....

C.Postal.....Localidade.....
Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

correo electrónico

Tendo coñecemento da convocatoria pública realizada polo concello de Baleira para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, do posto sinalado,

DECLARO:

- Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade e incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades e incapacidade do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ó posto ó que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Que autorizo ao concello de Baleira para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello , sede electrónica e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación que de seguido se indica :

- . DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia vixentes
- . Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 8ª.

....., de.....de 2018

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BALEIRA para o exercicio das función e competencias atribuídas ó Concello de Baleira pola lexislación vixente . Os interesados poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Avda Doctor Escobar s/n, O Cádavo, Baleira

ANEXO I I b).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, CONVOCADO POLO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO) PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE **OPERARIO DE MAQUINARIA E CONDUCTOR DE VEHICULOS** POR UN PERÍODO APROXIMADO DE NOVE MESES, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO , FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN DE LUGO Ó ABEIRO DO PLAN UNICO PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS 2018.

D/a.....provisto/a de D.N.I.

nº..... con enderezo na

R/.....nº.....piso.....

C.Postal.....Localidade.....

Municipio.....Provincia.....Teléfono.....

correo electrónico.....

Tendo coñecemento da convocatoria pública realizada polo concello de Baleira para a contratación laboral temporal (contrato de obra ou servizo determinado), a xornada completa, do posto sinalado,

DECLARO:

-Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade e incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades e incapacidade do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ó posto ó que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

- Que autorizo ao concello de Baleira para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello , sede electrónica e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación que de seguido se indica :

. DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia vixentes

. Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 8ª.

. Carné de conducir tipo C ou superior.

....., de.....de 2018.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BALEIRA para o exercicio das función e competencias atribuídas ó Concello de Baleira pola lexislación vixente . Os interesados poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Avda Doctor Escobar s/n, O Cádavo, Baleira

ANEXO I I C).-MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, CONVOCADO POLO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO) PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DE **AUXILIAR ADMINISTRATIVO** POR UN PERÍODO APROXIMADO DE SEIS MESES, EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN Ó ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO , FINANCIADO POLA DEPUTACIÓN DE LUGO Ó ABEIRO DO PLAN UNICO PROVINCIAL DE COOPERACION COS CONCELLOS 2018.

D/a..... provisto/a de D.N.I.
 nº..... con enderezo na
 R/.....nº.....piso.....
 C.Postal.....Localidade.....
 Municipio.....Provincia.....Teléfono.....
 correo electrónico.....

Tendo coñecemento da convocatoria pública realizada polo concello de Baleira para a contratación laboral temporal (contrato laboral temporal eventual por circunstancias da produción), a xornada completa, do posto sinalado,

DECLARO:

-Que coñezo e acepto na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.

- Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade e incapacidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades e incapacidade do persoal ó servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ó posto ó que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estou sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

- Que autorizo ao concello de Baleira para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello , sede electrónica e calquera outro medio que se estime, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO:

Ser admitido/a a participar no referido procedemento comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación que de seguido se indica :

- . DNI, pasaporte ou tarxeta de residencia vixentes
- . Documentos xustificativos dos méritos alegados segundo o establecido na base 8ª.
- . Titulación esixida nas presentes bases para o posto de auxiliar administrativo/a.
- . Acreditación do coñecemento do idioma galego.

....., de.....de 2018.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BALEIRA

Os datos facilitados serán tratados nos ficheiros de datos dos expedientes e procedementos titularidade do CONCELLO DE BALEIRA para o exercicio das función e competencias atribuídas ó Concello de Baleira pola lexislación vixente . Os interesados poderán exercer os dereitos establecidos na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, coas limitacións establecidas legalmente ó tratarse de datos que obran nos expedientes e procedementos que xestiona a Administración Pública Municipal, no Rexistro Xeral do Concello, na dirección Avda Doctor Escobar s/n, O Cádavo, Baleira

Baleira, 7 de decembro de 2018.- O Alcalde, Angel Enrique Martínez-Puga López.

R. 3569

FOZ

Anuncio

Concello de Foz. Aprobación inicial Ordenanza Reguladora das Bases das Axudas de Emerxencia para usuarios da Residencia e Centro de Día Municipal ou de competencia municipal do Concello de Foz 2018.

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 13 de decembro de 2018, prestoulle aprobación inicial a Ordenanza Reguladora das Bases das Axudas de Emerxencia para usuarios da Residencia e Centro de Día Municipal ou de competencia municipal do Concello de Foz do Concello de Foz.

De acordo co establecido nos artigos 112.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese a exposición pública polo período de trinta días, a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinalo e presentalas reclamacións que consideren oportunas. Se ó termino do período de exposición ó público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, ata entón provisional, sen necesidade de acordo Plenario.

Foz, 14 de decembro de 2018.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 3619

Anuncio

O Pleno do Concello de Foz, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de decembro de 2018, acordou a **aprobación inicial** do PLAN NORMATIVO ANO 2019, e en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar dende o día seguinte o da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido dito prazo non se tiveran presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.-

Foz, 17 de decembro de 2018.- O Alcalde, Javier Jorge Castiñeira.

R. 3620

O INCIO

Anuncio

Mediante Decreto da Alcaldía de data 12/12/2018 aprobouse o padrón de contribuíntes da taxa pola prestación dos servizos de abastecemento de auga, recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos e canon autonómico de auga correspondente ao terceiro trimestre de 2018.

O resumo do Padrón é o seguinte:

Período	Auga	Lixo	Canon	IVE	Total
3º T 2018	17.216,67	20.253,70	5.594,16	1.721,68	44.786,21

Procédese á exposición pública de dito Padrón durante o prazo de quince días a partir da publicación do anuncio de cobro no Boletín Oficial da Provincia, durante o dito prazo o padrón estará a disposición dos interesados no Concello para que poidan examinalo e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Contra o acto de aprobación do Padrón poderá interperse recurso de reposición ante a Alcaldesa no prazo dun mes a contar dende o seguinte ó da finalización do período de exposición pública do Padrón, de conformidade ó previsto no art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

O período voluntario de cobro fíxase desde o 20/12/2018 ata o 20/2/2019 ámbolos dous inclusive, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei

Xeral Tributaria. Finalizado este prazo pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no art. 28 da Lei 58/2003.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

O Incio, 12 de decembro de 2018.- O Concelleiro, José Carlos Pereiro Vázquez.

R. 3621

RÁBADE

Anuncio

En cumprimento do disposto na Lei Orgánica do Poder Xudicial e a Lei de Planta e Demarcación Xudicial faise pública a convocatoria para provisión do cargo de Xuíz de Paz Titular no municipio de Rábade.

Condições legais dos solicitantes.- Ser español, maior de idade e non estar incurso nas causas de incapacidade sinaladas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Presentación das solicitudes.- Os interesados presentarán instancias no rexistro do Concello, no prazo de quince días hábiles, contados a partir da publicación deste anuncio no B.O.P.

Achegarán ás solicitudes.- Certificación de nacemento ou fotocopia autenticada do D.N.I., certificación do Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria de conducta á que fai referencia o art. 2 da Lei 68/80 e xustificante dos méritos alegados polo solicitante.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Rábade, 17 de decembro de 2018.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 3622

RIOTORTO

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado, polo Pleno deste Concello o Orzamento Xeral para o exercicio económico 2019, mediante acordo adoptado en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de novembro de 2018, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 27 de abril, faise público que o dito orzamento ascende, tanto en ingresos como en gastos, á cantidade de **1.344.500 euros**.

ESTADO DE GASTOS

Capit.	DENOMINACION	Presupuesto euros
1	Gastos de persoal	531.500,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	475.200,00
3	Gastos financeiros	8.500,00
4	Transferencias correntes	40.600,00
6	Investimentos reais	269.700,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	19.000,00
	SUMAS TOTALES DE GASTOS	1.344.500,00

ESTADO DE INGRESOS

Capit.	DENOMINACION	Presupuesto euros.
1	Impostos directos	283.500,00
2	Impostos indirectos	232.000,00
3	Taxas e outros ingresos	163.300,00
4	Transferencias correntes	640.200,00
5	Ingresos patrimoniais	7.200,00
6	Enaxenación de investimentos reais	1.100,00
7	Transferencias de capital	12.200,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	5.000,00
	SUMAS TOTALES DE INGRESOS	1.344.500,00

Na referida sesión, tamén acordouse aprobar a plantilla de persoal e a relación de postos de traballo desta Corporación e demais Organismos mencionados, que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, reproducense a continuación:

1) PLANTILLA 2019**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

ESCALA	SUBESCALA	P. TRABAJO	Nº PLAZ	GRUPO	N CD
Func. Habilitación Estatal	Secretaría-Interv.	Secretaría-Interv.	1	A2	26
Administración General	Administrativa	Administrativo	2	C1	22
Administración Especial	Servizos Especial.	Operarios Serv. Esp.	2	E	13

B) PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	SITUACIÓN

2) RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

DENOMINACIÓN	DOT.	C.DEST.	C.ESPC.	F. PROVIS.	ADSCRIPC. POSTO TRABALL.
Secretaría-Interv.	1	26	11.901,75	Concurso	Secretaría-Intervención
Administrativa	1	22	10.389,11	Oposición	Administración General - Advo
Administrativa	1	22	10.389,11	Conc-Op.	Admón Gral - Advo (Serv.Esp)
Xefe Servizo Obras	1	13	8.545,43	Oposición	Admnst. Especial-Serv. Esp..
Servizos Especiales	1	13	6.137,64	Concurso	Administ. Especial-Serv. Esp.

B) PERSONAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	DOTACIÓN	ADSCRIPCIÓN	GRUPO

3) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	SITUACIÓN
Traballadora Social	Traballadora Social	Xornada completa
Auxiliar de Axuda a Domicilio	8 postos Axuda a Domicilio	"

4) PERSOAL LABORAL INDEFENIDO

DENOMINACIÓN	POSTO DE TRABAJO	CARACTERÍSTICAS
Auxiliar de Axuda a Domicilio	2 Postos Axuda a Domicilio	Xornada Completa
Encargada da Biblioteca	Encarg. Biblioteca	Xornada a tempo parcial

De conformidade co establecido no artigo 171.1 do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba el Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, contra o referido acordo definitivo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo na forma e prazos establecidos nas normas de dita xurisdición.

Riotorto, 20 de decembro de 2018.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3658

Anuncio

Quedando definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos núm. MC10/2018 na súa modalidade de suplemento crédito, cuxo importe ascende a cantidade de 62.093,61 euros, de acordo co establecido no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co 20.3 do RD 500/1990, de 20 de abril, faise público o resumo por capítulos do presuposto de gastos, que definitivamente queda como segue:

Cap. 1 Gastos de persoal	627.099,18
Cap 2 gastos en bens correntes e servizos	492.134,19
Cap 3 Gastos financeiros	6.800,00
Cap 4 Tránsferencias correntes	32.100,00
Cap 6 Inversións	670.833,20
Cap 9 Pasivos financeiros	22.700,00
TOTAL	1.851.666,57

Riotorto, 20 de decembro de 2018. O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 3659

O VALADOURO*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA****MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA ACOMETIDA E MANTEMENTO DA REDE DE SUMIDOIROS**

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario provisional do Concello de O Valadouro do día 28 de setembro de 2018 de modificación da Ordenanza fiscal nº 9 da taxapola acometida e mantemento da rede de sumidoiros.

O texto íntegro da devandita modificación faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL Nº 9 REGULADORA DA TAXA POLA ACOMETIDA E MANTEMENTO DA REDE DE SUMIDOIROS

Artigo 5 - COTA TRIBUTARIA -

1.A efectos desta ordenanza, establécense as seguintes clases de usos:

a) Uso doméstico: Entenderase por tal o realizado no domicilio de persoas físicas. Por analogía aplicarase a todas aquelas actividades incluídas na sección segunda e na sección terceira así como na división 8 e 9 e nas agrupacións 61, 62, 63, 64 e 65 da sección primeira do anexo I do Real Decreto Legislativo 1.175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e Instrucións do Imposto sobre Actividades Económicas.

b) Uso non doméstico: O realizado en locais afectos a actividades clasificadas no resto de divisións, agrupacións, grupos e epígrafes do Real Decreto Legislativo 1.175/1990, de 28 de setembro, polo que se aproban as tarifas e Instrucións do Imposto sobre Actividades Económicas.

Terán igualmente a condición de uso non doméstico o que se verifique en locais afectos a algunha das actividades contempladas no Real Decreto Legislativo 1.259/1991, de 2 de agosto, polo que se aproban as tarifas e Instrucións do Imposto sobre Actividades Económicas correspondente á actividade gandeira independente.

Non obstante terá a consideración de uso doméstico o que se verifique en locais destinados a tarefas administrativas ou de dirección, cando se atopen ubicados en inmobles diferentes de aqueles en que se exercite a actividade principal e dispoñan de acometida diferenciada á rede xeral.

2.A cota tributaria correspondente á concesión de licenza ou autorización de acometida a rede municipal de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá nunha cota fixa de 30,05 euros.

3.A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en m3 utilizada na finca. A tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

a) Cota de servizo: 1,50 euros/semestre.

b) Por consumo:

a. Menor ou igual o establecido na ordenanza fiscal reguladora da taxa polo abastecemento de auga:

1. Usos domésticos: 0,84 euros/semestre.

2. Usos industriais: 2,50 euros/semestre.

b. Superior ó mínimo establecido: 0,04 euros/m3 .

En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

4.No caso de non ter servizo de auga regulado e cuantificado por contador han de aplicar, ademais da cota mínima esixible, a cota variable de auga consumida por exceso calculado segundo:

210 litros-día x Nº de habitantes-vivenda x 180 días x Taxa
--

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 marzo, poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O Valadouro, 17 de decembro de 2018.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 3623

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente publícanse as bases reguladoras e convocatoria da Fase XVI de subvencións para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local deste Concello, de doce de decembro de dous mil dezaoto.

En Viveiro, a 14 de decembro de 2018.- A ALCALDESA. María Loureiro García.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.

En desenrolo dos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Rexeneración e Renovación Urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro e en relación ao papel xestor do

Concello de Viveiro para a execución do Plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.

1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, con cargo aos convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Rehabilitación Edificatoria 2018 - 2021 e a Resolución do 3 de agosto de 2018, pola que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de vivenda 2018-2021,.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Rexeneración e Renovación Urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia, consonte os criterios de selección dispostos no apartado 5 da convocatoria.

2. BENEFICIARIOS

a) Poderán ser persoas beneficiarias das axudas as que reúnan os requisitos establecidos nos artigos 7.2 e 50 do Real decreto 106/2018.

Non poderán obter financiamento os beneficiados incluídos no programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de Fomento da conservación, da mellora da seguridade e de utilización e de accesibilidade en vivendas, do programa de Fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do R.D 106/2018 do 9 de marzo.

Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na súa normativa de desenvolvemento ou no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións.

As persoas interesadas, ao formalizar unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións que este concello estableza nesta convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan na normativa reguladora.

3. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As obrigas das persoas beneficiarias son as seguintes:

a) Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación para as que se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución e cualificación provisional.

b) Destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Este prazo computarase desde a data de notificación da cualificación definitiva, cando se trate de uso propio, ou desde a data de sinatura do contrato de alugamento, para os casos en que se destine a esta finalidade. Tendo en conta que o contrato debe estar comprendido, entre o día seguinte ao da cualificación definitiva e da data de concesión ou pagamento da axuda, segundo establezan estas bases reguladoras.

Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.

c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro e o Instituto Galego da Vivenda e Solo consideren pertinentes durante a vixencia da subvención.

d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así coma pola Intervención Municipal.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Cubrir os datos necesarios para a tramitación da axuda que sexan esixibles segundo o acordo de financiamento específico asinado.

g) As demais obrigas recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 do decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

De acordo co disposto polo artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, de 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e de accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e /ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

Tamén serán subvencionables os custos dos programas de realoxo temporal dos ocupantes de inmobles que deban ser desaloxados da súa vivenda habitual ou ocuparan unha infravivenda ou chabola, a consecuencia da correspondente actuación. Inclúense tamén as actuacións de acompañamento social integral e individualizado das unidades de convivencia para favorecer a adecuada inclusión de cada un dos seus compoñentes en un novo entorno.

O custo de todas as actuacións subvencionables incluírá tamén os honorarios dos profesionais que interveñan, o custo da redacción de proxectos, dirección técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, así coma os gastos derivados da tramitación administrativa, e calquera outro gasto similar derivado da actuación, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.

Poderanse acollerse ás axudas as actuacións iniciadas con posterioridade a 1 de xaneiro do ano da convocatoria en curso, pero que non estean finalizadas á data da presentación das solicitudes por parte dos interesado no período establecido ó efecto.

O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

5. CRITERIOS DA SELECCIÓN DAS AXUDAS

O Concello, en función da dispoñibilidade de orzamento, do número máximo de axudas que se poidan conceder e da preferencia das solicitudes, seleccionará as actuacións subvencionadas.

O Concello aprobará unha selección previa de solicitudes candidatas a seren subvencionadas en función das seguintes consideracións: mellora das condicións de habitabilidade das vivendas, condición social dos beneficiarios, fixación da poboación na Área de Rehabilitación, presenza significativa da unidade de edificación no espazo público, nivel de catalogación da unidade de edificación, e axuste económico do número de actuacións a cumprir e de acordo co seguinte baremo:

- a) Mellora das condicións de habitabilidade das vivendas e edificios (0-5 puntos): son aquelas intervencións que melloran considerablemente as condicións de habitabilidade, para alcanzar ou aproximarse ás establecidas no decreto 29/2010 Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia.
- b) Presenza significativa da unidade de edificación no espazo público: (0-3 puntos): Se valora a capacidade de mellora da imaxe urbana e así fomentar a recuperación dos edificios do contorno.
- c) Nivel de protección da unidade de edificación (0-3 puntos): Nos ámbitos da Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, obterán 3 puntos os Edificios catalogados, 2 puntos os non catalogados pero cunha especial significación arquitectónica, significativa presenza no contorno e característicos do conxunto. Os edificios non incluídos nun ámbito de protección nin catalogados obterán 1 punto se o edificio ten máis de 50 anos de antigüidade.
- d) Orzamento por actuación (0-3 puntos): Esta puntuación realizarase co obxectivo de xerar un maior movemento económico na zona asemade para garantir unha maior creación de emprego. Será puntuado do xeito que segue:
 - 0 puntos: orzamentos inferiores a 20.000,00 € por actuación.
 - 1 punto: orzamento por actuación entre 20.000,00 € e 30.000,00 €.
 - 2 puntos: orzamento por actuación entre 30.000,00 € e 50.000,00 € .
 - 3 puntos: orzamento por actuación superior a 50.000, 00 €.
- e) Nivel de ingresos do promotor da actuación.
 - g) Nivel de ingresos do promotor da actuación.
 - 0 puntos: Ingresos superiores ó 6,5 IPREM.
 - 2 puntos: Ingresos superiores ó 3,5 IPREM e inferiores ó 6,5.
 - 5 puntos: Ingresos inferiores ó 3,5 IPREM.

Aos efectos desta selección consideraranse as intervencións exclusivamente en elementos comúns do edificio como unha única solicitude e a súa puntuación será referida ao edificio e non as unidades de vivenda que o compoñen.

6. ORZAMENTO PROTEXIDO

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do Real decreto 106/2018, que non poderá superar os custos medios de mercado establecidos de conformidade coa última edición publicada da base de prezos da construción de Galicia 2017, ou normativa que a substitúa.

7. CONTÍAS DAS SUBVENCIÓNS

A contía das subvencións será do 40% do custo das actuacións subvencionables, ás que se refire o punto 6 da convocatoria. A cuantía máxima das axudas será a establecida no artigo 29.2 do Real decreto 106/2018.

Subvencións estatais

1. A contía máxima das axudas contidas no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxo das familias e para o financiamento do custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, información e acompañamento social, en que non operará este límite porcentual. Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 %, se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

2. A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas a continuación:

a. Ata 12.000 euros por cada vivenda que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva. No caso de edificios, incrementarase esta contía con 120 euros por cada metro cadrado de superficie construída de local comercial ou outros usos. Ademais, poderá incrementarse en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas declaradas ben de interese cultural, catalogados ou que contén con protección integral no instrumento de ordenación urbanística correspondente. Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación. Estas axudas solicitaranse, xestionaranse e resolveranse para a vivenda ou, se é o caso, conxuntamente para todo o edificio, sen prexuízo da súa posterior repartición e repercusión proporcional e destinaranse integramente ao pagamento das cotas correspondentes ás actuacións subvencionables, unha vez repercutidas proporcionalmente.

b. Ata 30.000 euros por cada vivenda construída en substitución doutra previamente demolida ou construída, nos casos de infravivenda e chabolismo.

c. Ata 2.000 euros por cada vivenda obxecto de rehabilitación e/ou por cada vivenda construída, para as actuacións de mellora da calidade e sustentación do medio urbano.

Neste caso, o cómputo do número de vivendas obxecto de rehabilitación e/ou construción, para os efectos da determinación desta compoñente da axuda, corresponderase co número de vivendas que en orixe vaian ser obxecto de rehabilitación ou nova construción dentro da ARI declarada. Se, finalmente, o número de vivendas rehabilitadas ou construídas fora inferior, este cómputo non se verá alterado, salvo que o número de vivendas rehabilitadas ou construídas for inferior ao 50 % das inicialmente previstas no acordo específico, caso en que a axuda unitaria por vivenda se verá reducida ata non poder superar 1.500 euros por cada vivenda efectivamente rehabilitada ou construída.

d. Ata 4.000 euros anuais, por unidade de convivencia que se vaia realoxar, durante o tempo que duren as obras e ata un máximo de 3 anos, para as actuacións de realoxo temporal.

e. Ata 1.000 euros por vivenda rehabilitada ou construída para financiar o custo de xestión e dos equipos e oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

3. Nas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética e a sustentabilidade a axuda estará condicionada a que se alcancen os obxectivos de redución de demanda enerxética establecidos no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

4. Así mesmo, de conformidade co artigo 61 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, as axudas unitarias previstas nos puntos 1 e 2 deste artigo incrementaranse nun 25 % cando as persoas beneficiarias sexan menores de 35 anos e as actuacións se realicen en concellos de menos de 5.000 habitantes.

Subvencións autonómicas

O IGVS, con cargo aos seus orzamentos, subvencionará as actuacións nas ARI declaradas coa contía máxima seguinte:

- Ata 4.000 euros por vivenda obxecto da actuación de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio.

- Ata 1.500 euros por vivenda rehabilitada ou construída en substitución doutra demolida, para financiar o custo dos equipamentos e das oficinas de planeamento, de información, de xestión e de acompañamento social.

8. COMPATIBILIDADE

Sen prexuízo do establecido no artigo 52 do Real Decreto 106/2018, as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma de todas non supere o custo total da actuación concreta.

Non resulta compatible a percepción destas axudas coas correspondentes ó programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de Fomento da conservación, da mellora da seguridade e de utilización e de accesibilidade en vivendas, do programa de Fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do R.D 106/2018 do 9 de marzo.

9. SOLICITUDE DA VISITA TÉCNICA PREVIA

Poderá solicitarse unha visita de inspección técnica previa á solicitude oficial das axudas, co fin de asesoramento. Os técnicos da Oficina de Rehabilitación realizarán a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

10. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Viveiro, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

2. As solicitudes deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

A.- Documentación acreditativa de identificación do solicitante e titularidade da edificación.

a) Se o promotor/a é unha persoa física:

1/ Fotocopia do documento identificador da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.

2/ Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervinentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

3/ Certificado de empradroamento na vivenda obxecto da rehabilitación, ou contrato de aluguer en vigor. No caso de que a vivenda non sexa vivenda habitual no momento da presentación da solicitude, declaración xurada de que se vai destinar a vivenda a domicilio habitual e permanente da persoa promotora ou da persoa arrendataria, no suposto de que se destinen ao alugamento, por prazo non inferior a 5 anos, de conformidade co artigo 31.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro. O cumprimento deste compromiso deberá ser xustificado de conformidade con exposto no punto 3.b) destas bases, con anterioridade á resolución de concesión ou pagamento da axuda.

b) Se o promotor/a é unha persoa xurídica:

1/ Documento acreditativo da constitución da sociedade.

2/ Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervinentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

c) Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais:

1/ Documento acreditativo da constitución da comunidade.

2/ Documento acreditativo da representación coa que se actúe.

3/ Acta ou certificado da comunidade de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

4/ Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local.

5/ Xustificante da participación de cada propietario na Comunidade de Propietarios.

B.- Declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións, onde conste:

- Que non se atopan incursos nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003.

- Das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

C.- Certificados.

- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Administración Local. No suposto de que non se dispuxese deste documento no intre da presentación da solicitude de subvención, a certificación deberá de presentarse en todo caso antes da proposta de resolución de concesión da subvención, consonte ó disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

D.- Documentación referente ás obras e do edificio:

a) Proxecto ou memoria técnica na cal expresen as obras que se van executar, a súa valoración, clasificándoas en capítulos segundo o disposto no artigo 36,43 e 51 do Real decreto 106/2018. O proxecto ou memoria técnica deberá conter os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre a rasante, superficie sobre a rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

c) Licenza e autorizacións para a execución das obras. No suposto de que, no momento da presentación da solicitude, o interesado non conte aínda co acordo de concesión de licenza e autorizacións para a execución das obras deberá presentar xustificante da súa solicitude, debendo aportarse, en todo caso, a concesión da licenza e autorizacións, antes da emisión da proposta de cualificación provisional.

d) Cando o importe do orzamento protexible das obras exceda de 40.000 euros deberán presentarse como mínimo tres orzamentos, de data anterior á contratación das obras, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude. No caso de que non se optase pola oferta económica máis vantaxosa, deberá xustificarse razoadamente, por escrito, a elección realizada.

e) Ós efectos de poder puntuar o aspecto recollido no punto 5.c) das presentes bases, o solicitante deberá presentar xustificante de que a edificación na que se pretende actuar é a súa vivenda habitual, está destinada ó alugueiro ou ben, no suposto de vivenda baleira neste momento, declaración responsable de que a que fin vai ser destinada.

f) Copia das declaracións do IRPF da unidade familiar, correspondente ó último exercicio impositivo pechado, ou no seu caso certificación negativa da Axencia Tributaria. No suposto de comunidades de propietarios esta documentación refírese a cada unha das vivendas.

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou copia cotexada.

11. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

Poderán presentarse solicitudes no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP.

12. PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

a) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, presentada a solicitude, revisará a documentación presentada, e logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida, a Oficina de Rehabilitación elaborará un documento no que se recollan as solicitudes que non cumpren os requisitos, ós efectos de que o órgano municipal competente proceda á súa denegación.

Por parte da Oficina de Rehabilitación procederase á valoración (segundo os criterios establecidos no punto 5 das presentes bases) das solicitudes que cumpren cos requisitos, elaborando un listado no que se recolla a puntuación obtida por cada unha das solicitudes, e realizando unha proposta de cualificación provisional nas que se incluírán as 15 solicitudes que acadaron maior puntuación.

Esta proposta de cualificación provisional, será remitida ó órgano municipal competente para a súa aprobación e posterior remisión á Área Provincial do IGVS en Lugo.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá e virá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

As solicitudes que, cumprindo cos requisitos non resultaron seleccionadas para a cualificación provisional, pasarán a formar parte dunha "lista de agarda", para o suposto de desestimación ou renuncia dalgún dos 15 seleccionados. A orde de inclusión dalgunha solicitude desta "lista de agarda" na cualificación provisional será por orde de puntuación. Esta orde para a inclusión só poderá resultar alterada por necesidades de viabilidade

económica para a inclusión no programa, entendéndose por tales necesidades o suposto de que pola orde correspondente resultase incluída unha actuación cun importe subvencionable superior ó remanente xerado coa desestimación ou renuncia. Este suposto só poderá realizarse sempre e cando se autorice polo IGVS de Lugo. Esta lista de agarda terá unha vixencia exclusiva para o presente programa e o presente Plan Vivenda.

b) Execución das obras

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é en todo caso deberán estar rematadas antes do fin da vixencia do Plan Vivenda 2018-2021.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, nos supostos nos que resulte preciso, deberán estar autorizadas pola correspondente e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que esteñan sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e colocado ata cobro total de axudas solicitadas.

c) Remate das obras e Cualificación Definitiva

Os promotores das actuacións comunicarán por escrito o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional por medio da documentación acreditativa da finalización de obra, e en todo caso antes da data establecida no Convenio da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, de xeito que o Concello teña tempo suficiente para realizar as seguintes comprobacións con anterioridade a dita data:

1. Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.
2. Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.
3. As facturas cotexadas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións deberán estar pagadas pola persoa/ou entidade beneficiaria que figure na resolución de cualificación provisional.

Coa comunicación do remate das obras, o interesado presentará a seguinte documentación:

- As facturas correspondentes á execución das obras.
- Xustificantes bancarios do pagamento das referidas facturas.
- Certificado de fin de obra asinado por técnico competente no suposto de que sexa preciso segundo as obras realizadas.
- Fotografías do estado definitivo das obras realizadas.

Por parte da Oficina de Rehabilitación, no caso de ser necesaria a presentación de calquera outra documentación precisa para a xustificación de aspectos referentes á realización das obras, así como calquer outro documento que se requira polo IGVS, comunicarse ó interesado para a súa presentación.

As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

A Oficina de Rehabilitación, unha vez recibida a documentación sinalada neste punto, por parte dos solicitantes, elaborará unha proposta de cualificación definitiva que conterá a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se aboará e virá acompañada dunha certificación do Concello do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021. Esta proposta será aprobada polo órgano municipal competente e remitida para súa aprobación ó IGVS de Lugo.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

Será causa da denegación da cualificación definitiva a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito para obter a condición de persoa beneficiaria.

13. PAGAMENTO DAS SUBVENCÍONS

A persoa titular da Dirección Xeral do IGVS procederá a resolver o pagamento ao Concello atendendo ao previsto nos correspondentes acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan 2018-2021.

O Concello aboará as correspondentes subvencións aos/ás promotores/as que resulten persoas beneficiarias e xustificarán perante o IGVS no **prazo dun mes** os pagamentos realizados, para a súa comunicación ao Ministerio de Fomento.

Procederá á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificando teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia.

O abono realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no punto 7 da convocatoria ao custo final efectivamente xustificadas das actividades subvencionadas.

Con carácter previo ao abono das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán presentar:

- a) Certificado da titularidade a nome do beneficiario da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificados de que o beneficiario está ao corrente dos pagos da Seguridade Social, da Axencia Tributaria Galega, e da Administración Tributaria Estatal, así como autorizacións ao Concello para consultar os datos de estar ao corrente coa administración Local.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ó custo asumido por cada unha delas. As persoas beneficiarias, destinaran o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.

Cando se trate de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, debe repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios de outros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Para estes efectos deberá cada propietario presentar a documentación referida neste punto, non podendo percibir a subvención os propietarios que non cumpran cos requisitos establecidos no punto 2 da presente convocatoria. O aboamento da subvención no suposto de comunidades de propietarios realizase da forma descrita neste parágrafo, excepto no suposto de que por parte do IGVS ou o Ministerio correspondente se esixa que o abono se realice directamente á Comunidade de Propietarios. Neste último caso será a Comunidade a que repercute a subvención correspondente a cada membro da mesma, debendo acreditar ante o Concello dito feito, así como o cumprimento por cada perceptor de que cada un se atopa ó corrente dos pagos ante a Seguridade Social, a Axencia Tributaria Galega, a Administración Tributaria Estatal e local, e cumpre cos requisitos para a súa percepción.

14. DENEGACIÓN E REVOGACIÓN DAS SUBVENCÍONS

a) Sen prexuízo das posibles incompatibilidades que legalmente foran aplicables en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso as subvencións concorrentes poderán ser de tal contía, que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17º.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

b) Segundo o artigo 25, da Resolución do 3 de agosto de 2018, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

c) Consonte o artigo 26, da Resolución do 3 de agosto de 2018:

- O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
- En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano instrutor de calquera modificación sustancial das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

d) Tamén serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

- Incurrir en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectido no apartado 5 desta convocatoria.
- Acometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.
- O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.
- A incorrecta execución das obras de rehabilitación apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou o contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina de Rehabilitación.
- Calquera outra que establezan as normativas vixentes.

15. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

As contías máximas totais das citadas achegas por anualidades, segundo figura no convenio, son as seguintes:

Área de Rexeneración e Renovación e Renovación Urbana	Achega Ministerio de Fomento	Achega Comunidade Autónoma
Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro	71.333,57 €	19.891,95 €

18. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación:

- a) O Real decreto 106/2018, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de Fomento do Alugamento de Vivendas, a Rehabilitación Edificatoria e a Rexeneración e Renovación Urbanas, 2013-2016.
- b) Resolución do 3 e agosto de 2018, polo que se regula o procedemento para a participación no Programa de Fomento da Rexeneración e Renovación Urbana e Rural do Plan Estatal Vivenda, 2018-2021.
- d) A Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- e) A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- f) A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- g) Os acordos da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.
- h) Normativa urbanística vixente aplicable.
- i) Calquera outra normativa vixente que resulte de aplicación.

R. 3624